

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 30 de xaneiro de 2006**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

Dª. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
Dª. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
Dª. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill

**NON ASISTEN:**

D. Javier Jorge Guerra Fernández  
Dª. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas y venticinco minutos do día 30 de xaneiro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(100).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas da sesión extraordinaria do 30 de decembro de 2005 e da extraordinaria e urxente da mesma data. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(101).-REGULAMENTO MUNICIPAL DE SEGURIDADE PARA FICHEIROS AUTOMATIZADOS DE CARÁCTER PERSOAL. EXPTE. 542/101.**

A Xunta de Goberno local retira este asunto da orde do día para mellor estudio.

### **3(102).-ACCESIBILIDADE ÁS PÁXINAS WEB PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA OU PSÍQUICA. EXPTE. 2819-101.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do asesor técnico de Modernización, do 9.01.06, que di o seguinte:

A administración española, como se especifica na:

*ORDEN PRE/1551/2003, de 10 de junio, por la que se desarrolla la Disposición final primera del Real Decreto 209/2003, de 21 de febrero, por el que se regulan los registros y las notificaciones telemáticas, así como la utilización de medios telemáticos para la sustitución de la aportación de certificados por los ciudadanos.(BOE 13-06-2003)*

*debe cumplir con certas normas de accesibilidad. Concretamente, no apartado séptimo:*

- *Punto 2: El registro telemático y el servicio de notificación telemática deberán cumplir los requerimientos en materia de accesibilidad establecidos por la Iniciativa para una Web Accesible (WAI) del Consorcio World Wide Web y en particular las especificaciones de la Recomendación de 5 de mayo de 1999 sobre Pautas de Accesibilidad del Contenido en la Web, versión 1.0, en su nivel AA.*
- *Punto 3:El acceso del ciudadano a través de Internet a las notificaciones telemáticas y a los registros telemáticos se realizará mediante un navegador web que cumpla la especificación W3C HTML4.01 o superior.*

É dicir, hai que cumplir os puntos WAI-A e os puntos WAI-AA. A data límite para o cumprimento destas normas era o 31 de Decembro de 2005.

A data límite do 31 de Decembro de 2005 ven establecida pola Ley 34/2002 de Servicios de la Sociedad de la Información y de Comercio Electrónico, que especifica claramente:

*Disposición adicional quinta. Accesibilidad para las personas con discapacidad y de edad avanzada a la información proporcionada por medios electrónicos.*

*Uno. Las Administraciones públicas adoptarán las medidas necesarias para que la información disponible en sus respectivas páginas de Internet pueda ser accesible a personas con discapacidad y de edad avanzada de acuerdo con los criterios de accesibilidad al contenido generalmente reconocidos antes del 31 de diciembre de 2005. Asimismo, podrán exigir que las páginas de Internet cuyo diseño o mantenimiento financien apliquen los criterios de accesibilidad antes mencionados.*

*Dos. Igualmente, se promoverá la adopción de normas de accesibilidad por los prestadores de servicios y los fabricantes de equipos y software, para facilitar el acceso de las personas con discapacidad o de edad avanzada a los contenidos digitales.*

Nesta lei non se nomea explicitamente a WAI pero se di que o obxectivo da web accesible debe realizarse de acordo cos criterios de accesibilidade ó contido xeralmente recoñecidos.

Ademais, existe también a Ley 51/2003, de 2 de diciembre, de igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad. (BOE 03-12-2003) que di en algunos dos seus puntos:

#### *Artículo 4. Vulneración del derecho a la igualdad de oportunidades.*

*Se entenderá que se vulnera el derecho a la igualdad de oportunidades de las personas con discapacidad cuando se produzcan discriminaciones directas o indirectas, acosos, incumplimientos de las exigencias de accesibilidad y de realizar ajustes razonables, así como el incumplimiento de las medidas de acción positiva legalmente establecidas.*

#### *Artículo 10. Condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación.*

*1. El Gobierno, sin perjuicio de las competencias atribuidas a las comunidades autónomas y a las corporaciones locales, regulará unas condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación que garanticen unos mismos niveles de igualdad de oportunidades a todos los ciudadanos con discapacidad.*

*Polos anteriores motivos, as páxinas web responsabilidade do Concello de Vigo ou organismos dependentes que non cumpran os niveis de accesibilidade WAI (A-AA) estarán vulnerando os dereitos de accesibilidade.*

#### **PROPOÑO:**

*En cumprimento da orde de servicio da alcaldía do 12 de decembro de 2005, do facer o seguimento do cumprimento da accesibilidade, APROBAR pola Xunta Municipal de Goberno, o documento que achego cos criterios de accesibilidade ó contido xeralmente recoñecidos cos que deben facerse as medidas da mesma.*

*Ditos criterios están obtidos dos recoñecidos nacional e internacionalmente como necesarios para unha correcta accesibilidade, e establecidos polo W3C a través da WAI (Iniciativa para unha Web accesible, do Consorcio World Wide Web) e en concreto, as especificacións de Recomendación de 5 de maio de 1999 sobre Pautas de Accesibilidade do Contido na Web, versión 1.0, no seu nivel AA.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

**Aprobar os criterios de accesibilidade ó contido xeralmente recoñecidos (WAI. Pautas de Accesibilidade do Contido na Web, versión 1.0)**

**Criterios de accesibilidade ó contido xeralmente recoñecidos (WAI. Pautas de Accesibilidade do Contido na Web, versión 1.0)**

#### **WAI: Nivel A**

*É o nivel máis básico de accesibilidade proposto polo W3C. Consta de 17 puntos.*

#### **Puntos de control de nivel A**

##### **1. Sección 1, punto 1:**

*Proporcione un texto equivalente para cada elemento non textual. Isto inclúe imaxes, representacións gráficas do texto (símbolos incluídos), rexións dun mapa de imaxes, animacións, applets, sons, vídeo...*

*Este é un dos puntos más importantes. Os lectores de pantalla que utilizan as persoas cegas soamente poden entender a información que está disponible mediante texto. Se se utiliza algunha imaxe para algo e non se proporciona texto alternativo (por exemplo mediante os atributivos “alt” ou “longdesc” da etiqueta img) o lector da pantalla non será capaz de sacar información de aí. Ademais, para que a páxina sexa HTML valida, o atributo “alt” é obligatorio que este presente.*

2. Sección 1. punto 2:

*Proporcione enlaces de texto redundantes para cada rexión activa dun mapa de imaxes.*

*Isto enlaza co punto anterior a través dos mapas de imaxes, que son imaxes con diversas rexións diferenciadas que serven de enlace para ir dun lado a outro da páxina. Sen unha adecuada representación en modo texto, un invidente tampouco podería percorrer a páxina de forma normal.*

3. Sección 1. punto 3:

*Ata que os navegadores poidan ler o texto equivalente nunha pista visual, proporcione unha descripción da información máis importante do contido visual ou a presentación multimedia en cuestión.*

*De novo, igual que nos outros dous puntos, enlazase coa idea básica da sección: todo contido que non sexa texto debe ter un equivalente que se poda ler.*

4. Sección 1. punto 4:

*Para calquera presentación multimedia dinámica (por exemplo, ou unha película ou unha animación), sincronice as alternativas equivalentes (subtítulos, ou descripcións auditivas da pista visual) coa presentación multimedia.*

5. Sección 2. punto 1:

*Asegúrese de que toda a información resaltada con cores tamén está disponible sen cor, por exemplo mediante o contexto ou algún marcado especial.*

*Moitas veces utilizase a cor para sinalar información importante. Por exemplo: “As partes importantes irán especificadas en cor verde”. Unha persoa que non poida ver correctamente as cores perderase esa información, por iso e moi importante establecer outro sistema de marcado (por exemplo, texto en cursiva, ou grosa) complementario á cor.*

6. Sección 4. punto 1:

*Identifique claramente os cambios na linguaxe natural do texto e nos equivalentes textuais.*

*Os lectores de pantalla non son hoxe moi bos en autodetectar en qué idioma está escrito o texto dunha páxina web, por iso convén utilizar atributos que especifiquen a linguaxe natural que se está utilizando (como o atributo xml:lang se se está utilizando XHTML) e notificar calquera cambio que exista (citas noutro idioma, por exemplo).*

7. Sección 5. punto 1:

*Para as táboas de datos, identificar as cabeceiras de columna e de fila.*

Hai etiquetas específicas para marcar as cabeceiras dunha columna (*th*), así que hai que utilizaras no lugar de recurrir a métodos como poñer o texto en grosa para distinguilo das celdas de datos normais.

8. Sección 5, punto 2:

Para as táboas de datos que teñen dous ou máis niveis lóxicos de cabeceiras de columna ou de fila, utilice marcado para asociar as celdas de datos e as celdas de cabeceira.

9. Sección 6, punto 1:

Organice os documentos de forma que se poda ler sen unha folla de estilo. Por exemplo, cando un documento HTML sexa amosado sen unha folla de estilo, debe ser posible de ler.

10. Sección 6, punto 2:

Asegúrese de que os equivalentes para o contido dinámico cambian cando cambie o contido dinámico.

Por etiquetas as imaxes é moi útil sempre e cando a información contida na etiqueta e na imaxe concorden. Cando a imaxe cambie, haberá que cambiar o texto alternativo se procede.

11. Sección 6, punto 3:

Asegúrese de que as páxinas son utilizables cando os scripts, applets ou elementos similares están desactivados ou o navegador non os soporta. Se isto non é posible, proporcione información equivalente nunha páxina accesible.

Un número non desprezable de páxinas está composto enteiramente de Flash, ou se axuda moito en JavaScripts ou applets de Java. Debe haber unha versión en HTML simple para que as persoas que teñan dificultades con estes elementos (porque o seu navegador non os soporta, porque son cegos...) podan acceder á información da páxina.

12. Sección 7, punto 1:

Ata que os navegadores poidan permitir ós usuarios controlar parpadeos indebidos, evite utilizar técnicas que produzan parpadeos na pantalla.

A determinadas persoas o parpadeo dos elementos na pantalla (texto por exemplo) pódelle ocasionar molestias e incluso desorientación.

13. Sección 8, punto 1:

Os elementos programados (scripts, applets...) deben ser directamente accesibles ou selo con algunha tecnoloxía de axuda.

14. Sección 9, punto 1:

Proporcione mapas de imaxes que traballen no lado do cliente en vez de no lado do servidor, salvo cando as distintas rexións non poidan ser definidas con algunha forma xeométrica que poda estar dispoñible.

A diferencia entre ambos tipos de mapas de imaxes e que as que traballan no lado do cliente conteñen toda a información necesaria para que o navegador as poida interpretar, mentres que as que traballan no lado do servidor reciben as coordenadas elixidas e devolven o enlace correspondente.

15. Sección 11, punto 4:

*Se, despois de todos os esforzos, non se pode crear unha páxina accesible, debese proporcionar un enlace a unha páxina alternativa que utilice tecnoloxías do W3C, que sexa accesible, que teña información (ou funcionalidade) equivalente e que sexa actualizada tan frecuentemente como se faga con a páxina orixinal.*

*A finalidade deste punto de control é conseguir que a información sempre esté dispoñible para aqueles usuarios que desexen acceder a ela cando teñan dificultade .*

16. Sección 12, punto 1:

*Poña título a cada frame (marco) para facilitar a identificación e a navegación.*

17. Sección 14, punto 1:

*Utilice a linguaxe máis clara e máis simple posible para todo o contido.*

*Algunhas persoas con discapacidade intelectual poden ter dificultades para entender a información se esta presentase cunha linguaxe complicada de entender.*

WAI: Nivel AA

*Este é o seguinte nivel para as normas de accesibilidade web. Hai que ter en conta que os niveis constrúense un enriba doutro, de forma que para cumplir có nivel AA hai que cumplir tamén có nivel A. Neste caso hai 29 puntos de control.*

*Os requisitos do nivel A son suficientes para facer unha web mínimamente accesible, pero aínda será moi incómodo navegar po-las súas páxinas se non se toman en consideración algúns puntos más.*

*A continuación detállanse os más significativos.*

Puntos de control de nivel AA

1. Sección 2, punto 2:

*Asegúrese de que as combinacións de cores de primeiro plano e fondo proporcionan suficiente contraste para que poidan ser visualizados por unha persoa con déficit visual ou nun monitor monocromo.*

*A tal efecto, hai ferramentas que comproban as combinacións de cores elixidas nunha páxina e informan acerca da súa visibilidade.*

2. Sección 3, punto 2:

*Cree documentos que validen de acordo as normas formais xa publicadas.*

*O código que utilizemos nas nosas páxinas debe validar de acuerdo ós estándares publicados polo W3C, sexan follas de estilo ou páxinas HTML ou XHTML.*

**3. Sección 3, punto 3:**

*Utilice follas de estilo para controlar a presentación e a colocación dos elementos.*

*Moitos programadores webs utilizan táboas para situar os distintos elementos nas súas páxinas. A forma accesible de facer isto é utilizando bloques (elementos div) e situándos utilizando follas de estilo.*

**4. Sección 3, punto 6:**

*Etiquete as listas e os seus elementos de forma apropiada.*

**5. Sección 3, punto 7**

*Sinalas as citas. Non utilices as etiquetas de citacións para realizar efectos de formato, tales como indentación.*

*Este punto e o anterior inciden no feito de que as etiquetas para os distintos elementos teñen un propósito moi concreto e non deben utilizarse para outros mesteres, e deben usarse cando as circunstancias o precisen (non se deben marcar as listas a man, por exemplo).*

**6. Sección 5, punto 3:**

*Non utilice táboas para a presentación a no ser que a táboa poida lerse de forma lineal e teña sentido. Se non, proporcione unha alternativa equivalente.*

*Este punto incide na importancia de non utilizar táboas para outro propósito que non sexa o de presentar datos tabulados. En xeral, calquera páxina web debe poder lerse de principio á fin sen ningunha dificultade se eliminamos as táboas e as follas de estilo.*

**7. Sección 10, punto 1:**

*Ata que os navegadores permitan ós usuarios desactivar as ventás emergentes, non faga que aparezan ventás novas nin cambie a ventá actual sen informar ó usuario.*

*Moitas webs teñen enlaces que abren unha ventá nova do navegador automaticamente. Isto é molesto porque, entre outras cousas, a nova ventá non terá historial e o usuario non poderá volver atrás. Hai que deixar decidir ó usuario se quere abrir o enlace nunha ventá nova ou na mesma.*

**8. Sección 11, punto 1:**

*Utilice tecnoloxías do W3C cando estén dispoñibles e sexan apropiadas para a tarefa a realizar, e use as últimas versións cando estén soportadas.*

*As tecnoloxías del W3C son máis que suficientes para levar a cabo o 99% (ou máis) de tódalas páxinas web existentes. Se unha páxina pode facerse utilizando XHTML e CSS, debe facerse así, non con Flash.*

*Estes criterios son os que deben terse en conta nos REQUISITOS DE DESEÑO DE PÁXINAS WEB E DE ACCESIBILIDADE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE OU MAIORES, expostos e que son unha obriga de actuación na accesibilidade.*

**4(103).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES:  
ALTA EXPTE. 23/1048.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de sector de Acción Social, conformados pola delegada de Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder o Servicio de Centro de Día para persoas maiores a D. Daniel Quinteiro Costa. Expte. 23/1048.

**5(104).- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 4/1174 E  
21/869.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de sector de Acción Social, conformados pola delegada de Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Amador Francisco Martínez. Expte. 4/1174
- Dña. M<sup>a</sup> Flora Alfaya Guerra. Expte. 21/869.

**6(105).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POR BENESTAR  
SOCIAL DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2005. EXPTE. 13192/301.**

Dáse conta do escrito da delegada da Área de Participación Cidadá, de 12.01.06, polo que, en cumprimento da base 31<sup>a</sup> das Bases de execución do presuposto municipal para o ano 2005, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social durantes o mes de novembro de 2005, e que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
10/11/05	OBRAS REPARACION UBAS CASCO VELLO	2120000	5.036,96	PLYGEPE
18/11/05	SEGURO RESPONSABILIDADE CIVIL DIA INTERN. PERSOAS MAIORES	2240000	344,41	HELENES 2K NOROESTE, S.L.
03/11/05	XIRA MARÍTIMA ASOC. DE INTERESE SOCIAL	2260100	6.000,00	NAVIERA MAR DE ONS

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
10/11/05	ALUGAMENTO INSTALACIONES DO IFEVI DIA PERSOAS MAIORES	2260100	10.324,10	IFEVI
18/11/05	CATERING DIA PERSOAS MAIORES	2260100	12.003,23	DOLORES FERNANDEZ ALONSO
22/11/05	ILUMINACIÓN E SÓN DÍA DAS PERSOAS MAIORES	2260100	3.600,10	PRODUCCIONES EMSAC, S.L.
30/11/05	CATERING ENTREGA DE PREMIOS INTEGRACIÓN	2260100	895,59	DOLORES FERNANDEZ E HIJOS, S.L.
30/11/05	ADQUISICIÓN 2 PLACAS PREMIOS INTEGRACIÓN	2260100	357,40	RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A.
17/11/05	CAMPAÑA DIFUSIÓN OFICINA DE INMIGRACIÓN	2260200	1.456,00	CANAL UNO
22/11/05	ORGANIZACIÓN PLENO INFANTIL	2260600	773,02	ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L.
22/11/05	TRASALADO AUTOBUS NENOS PLENO INFANTIL	2260600	359,52	AUTOCARES IGLESIAS
22/11/05	REPORTAXE FOTOGRAFICO PLENO INFANTIL	2260600	875,80	ITRES PUBLICIDAD
22/11/05	LIBROS OBSEQUIO PLENO INFANTIL	2260600	477,41	LIBRERÍA CARTABON
22/11/05	CAFÉ, CHOCOLATE PLENO INFANTIL	2260600	272,85	DOLORES FERNANDEZ E HIJOS, S.L.
22/11/05	ELABORACIÓN UNIDADE DIDACTICA PLENO INFANTIL	2260600	1.780,00	ADELA PIÑEIRO PÉREZ
22/11/05	TRASLADOS PLENO INFANTIL	2260600	120,00	VARIOS
08/11/05	PROGRAMA DEPORTE MAIORES	2260801	9.497,00	PABLO CASAL NUÑEZ
08/11/05	AUTOBUSES DIA PERSOAS MAIORES	2260804	11.930,00	AUTOCARES LA FLORIDA, SAL
14/11/05	CREACION PAXINA WEB EMIGRACIÓN	2270600	9.500,00	INDICADE, S.L.
15/11/05	ESTUDIO DISCAPACIDADE	2270600	12.000,00	TRABALLO SOCIAL GRUPO 5, S.L.
15/11/05	CURSO INFORMATICA INMIGRANTES	2270600	12.000,00	AULA INFORMATICA
15/11/05	CURSO ESPECIFICO EXTRANXEIROS	2270600	12.000,00	AUTOESCUELA O SE ALQUILA
18/11/05	ORGANIZACIÓN 1º XORNADA EMIGRANTES	2270600	10.800,00	GABINETE TRABALLO SOCIAL, GRUPO 5, S.L.
25/11/05	CURSOS INTENSIVOS LINGUAXE A INMIGRANTES	2270600	1.800,00	MARTA VILLAMARIN

## Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **7(106).-PRÓRROGA DOS CONVENIOS SUBSCRITOS PARA DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E SERVICIOS EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS NO MARCO DO PLAN AUTONÓMICO SOBRE DROGODEPENDENCIAS. EXPTE. 13332/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 13.01.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, que di o seguinte:

*De conformidade co disposto na Orde da Consellería de Sanidade, de 25 de abril de 1994, pola que se regula o establecemento de convenios de cooperación entre a Consellería e as Corporacións Locais para o desenvolvimento de programas e servicios en materia de drogodependencias, procede a instrucción do expediente oportuno que posibilite a prorroga anual do citado convenio, que ven condicionada polo cumprimento dos requisitos ou compromisos assumidos, de acordo co seu artigo 8º.*

*Cumpridos os compromisos no sentido de non terse modificado as directrices do programa e as actividades conveniadas e ó obxecto de solicitar para o ano 2006 a prorroga correspondente, coas actualizacións possibles, a propia Consellería de Sanidade solicita a remisión da documentación que se achega, así como acordo da Xunta de Goberno Local en tal sentido.*

Polo exposto, á Xunta de Goberno Local propone a adopción do seguinte acordo:

*“presta-la conformidade ó desenvolvemento dos programas e servicios que, en materia de drogodependencias non alcohólicas, realizará o Concello para o ano 2006 no marco do Plan Autonómico sobre Drogodependencias por parte da Unidade Asistencial “CEDRO”, solicitándose a prorroga dos convenios subscritos o 3 de xaneiro e 14 de xuño de 2005 (Xunta Local de Goberno de 27-06-05) coas possibles actualizacións que se acorden”.*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.*

## Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Prestar a conformidade ao desenvolvemento dos programas e servicios que, en materia de drogodependencias non alcohólicas, realizará o Concello para o ano 2006 no marco do Plan Autonómico sobre Drogodependencias por parte da Unidade Asistencial “CEDRO”, solicitándose a prorroga dos convenios subscritos o 3 de xaneiro e 14 de xuño de 2005 (Xunta Local de Goberno de 27-06-05) coas possibles actualizacións que se acorden.

**8(107).- PROPOSTA PARA A VENDA DO LIBRO “PANO DA LONA” NOS MUSEOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 92/338.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do Arquivo Pacheco, do 13.01.06, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a venda dos 400 exemplares que lle corresponden a este Concello de Vigo, do libro “Pano de Lona”, de acordo co prezo resultante dos gastos realizados para a cobertura do custo da tirada, estimados en 18 € mais o 4% de IVE, e tal e como foi recollido na solicitude do ISBN correspondente.

2º.- Autorizar a venda do libro “Pano de Lona”, de acordo co contrato adxunto(AnexoI) a asinar polo Concello de Vigo con aqueles museos desta cidade (que se relacionan no Anexo II), interesados nesa venda, e de acordo ás estipulacións contidas no mesmo, así como nas dependencias da Casa das Artes, do Museo Verbum – Casa das Palabras e do Museo Municipal de Vigo Quiñones de León, polo prezo antedito.

3º.- Autorizar a D. Ignacio López-Chaves Castro, Concellero-Delegado da Área de Asuntos Sociais, para a asinatura deses contratos.

**ANEXO I**

*En Vigo a      de xaneiro de 2006*

**COMPARECEN**

*Dunha parte Don....., maior de idade, con DNI nº....., actuando en nome e representación do Arquivo Pacheco, con domicilio en....., entidade dependente da Concellería de Cultura do Concello de Vigo.*

*Doutra parte Don ....., maior de idade, con DNI nº....., actuando en nome e representación do Museo ....., con domicilio en .....*

*Recoñecendo a capacidade legal necesaria para outorgar o presente contrato, lévano a cabo dacordo cos seguintes antecedentes e estipulacións.*

**ANTECEDENTES**

*I.- Que o Arquivo Pacheco adícase a recuperación, mantenemento e arquivo do material fotográfico procedente da obra fotográfica de D. Jaime Pacheco Guedes e aqueles outros vencellados ó Arquivo.*

*II.- Que o Arquivo Pacheco é o Autor e Editor dun libro publicado con material fotográfico procedente deste Arquivo e cunha serie de textos literarios feitos coa colaboración de autores galegos, desexando que a súa venda se produza de forma exclusiva nos diferentes museos da cidade, e a tal efecto outorga o presente contrato de conformidade coas seguintes:*

## ESTIPULACIONES

I.- O Arquivo Pacheco entrega ó Museo.....a seguinte mercancía:

30 exemplares do Libro Pano de Lona, con tapas duras, encargándolle a éste a súa venda ó público, na tenda habilitada a tal efecto.

II.- O Museo.....confirma ter recibido a mercancía descrita.

III.- O prezo de venda dos exemplares ao Museo será de 18 euros más un 4 % de IVE, entendéndose éste como prezo final da mercancía.

IV.- Para a venda da mercancía o Museo.....contratará no seu propio nome, quedando obrigado dun modo directo coas persoas con quen contratare, que non terán acción contra o Arquivo, nin este contra aqueles.

V.- A comisión que percibirá o Museo..... pola venda dos exemplares será do.....% sobre o prezo final a mercancía (cláusula III). Isto suporá o prezo final de venda por conta deste Museo.

VI.- A mercancía terá que ser vendida no prazo de 6 meses a contar desde a aprobación da venda pola Comisión de Goberno, acordo coa ordenanza nº. 41 (ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUMINISTRACIÓN DE LIBROS, ... )

VII.- Si o Museo.....non cumple a comisión aceptada ou empezada a evacuar, será responsable dos danos que sobrevenan o Arquivo Pacheco.

VIII.- O Museo.....non poderá delegar por si o encargo recibido.

IX.- O Museo.....responderá da mercancía recibida nos términos e coas condicións e calidades sinaladas.

X.- O Museo.....non podrá comprar para si nin para outro o que se lle encargou vender, salvo documento anexo que estipulare outra cousa.

XI.- O Museo.....deberá satisfacer á Tesourería Xeral do Concello de Vigo o importe dos exemplares vendidos acordo co prezo estipulado na cláusula III (18 euros + 4% de IVE). Esta liquidación farase antes do remate da data que aparece referida na cláusula VI.

XII.- En todo o que non está previsto no presente contrato haberá que estar ao disposto no Código de Comercio, nas Leis Especiais e nas regras xerais do Dereito Común.

XIII.- Para resolver calquera cuestión derivada do presente contrato, as partes sométense expresamente ós Tribunais de Vigo, con renuncia do foro propio.

E en proba da súa conformidade, as partes torgan e asinan o presente contrato, en Vigo a ..... de ..... de 2005.

## ANEXO II

Relacion de Museos

- MARCO, Museo de Arte Contemporánea de vigo.
- Museo do Mar de Galicia.

- *Museo Liste. Vigo.*
- *Fundación Laxeiro.*

*E nas dependencias municipais do Concello de Vigo:*

- *Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”.*
- *Casa das Artes-Arquivo Fotográfico Pacheco.*
- *Museo Verbum-Casa das Palabras.*

**9(108).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE OS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2005. EXPTE. 1828/335.**

Mediante providencia do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, de 4.01.06, en cumprimento da base 31<sup>a</sup> das bases de execución do presuposto municipal para o ano 2005, dáse conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas e Animación Sociocultural durante os meses de novembro e decembro de 2005, e que son os seguintes:

*EXPTE. 1698/335. CONTRATACIÓN DO DESEÑO, PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DE MATERIAL GRÁFICO PARA A "CABALGATA DE REIS 2006".*

*DECRETO CONCELLEIRO DATA: 28-11-05*

*INFORME INTERVENCIÓN: RC. 55612*

*ADXUDICATARIO: CANAL UNO DE COMUNICACIÓN, S.L.*

*IMPORTE: 10.503,80 €*

*EXPTE. 1726/335. CONTRATACIÓN DE MATERIAL GRÁFICO DO "XXV CONCURSO DE RONDALLAS".*

*DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-12-05*

*INFORME INTERVENCIÓN: RC. 59058*

*ADXUDICATARIO: GRÁFICAS EZPONDA, S.L.*

*IMPORTE: 760,90 €*

*EXPTE. 1696/335. CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CARAMELOS E GLOBOS PARA A "CABALGATA DE REIS 2006".*

*DECRETO CONCELLEIRO DATA: 28-11-05*

*INFORME INTERVENCIÓN: RC. 55610*

*ADXUDICATARIO: EXCLUSIVAS VARELA VIGO, S.L.*

*IMPORTE: 8.968,24 €*

*EXPTE. 1700/335. CONTRATACIÓN DO DESEÑO E REALIZACIÓN DOS ELEMENTOS QUE COMPOÑEN A ESCENOGRAFÍA DO CARTEIRO REAL.*

*DECRETO CONCELLEIRO DATA: 29-11-05*

*INFORME INTERVENCIÓN: RC. 55597*

*ADXUDICATARIO: UNICORNIO ART & FANTASY, S.L.*

*IMPORTE: 12.000,00*

*EXPTE. 1711/335. CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE VIXIANZA E CONTROL PARA VIGOLANDIA 2005.*

*DECRETO CONCELLEIRO DATA: 14-12-05*

**INFORME INTERVENCIÓN: RC. 58939**

**ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.**

**IMPORTE: 3.309,21 €**

**EXPTE. 1712/335. CONTRATACIÓN DE OBRADOIROS DA FUNDACIÓN IGUAL ARTE, PARA VIGOLANDIA 2005.**

**DECRETO CONCELLEIRO DATA: 14-12-05**

**INFORME INTERVENCIÓN: RC. 58938**

**ADXUDICATARIO: FUNDACIÓN IGUAL ARTE**

**IMPORTE: 5.916,00 €**

**EXPTE. 1713/335. CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES PRAIA ARTIFICIAL PARA VIGOLANDIA 2005.**

**DECRETO CONCELLEIRO DATA: 14-12-05**

**INFORME INTERVENCIÓN: RC. 58936**

**ADXUDICATARIO: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA**

**IMPORTE: 8.352,00 €**

**EXPTE. 1714/335. CONTRATACIÓN DE INCHABLES PARA VIGOLANDIA 2005.**

**DECRETO CONCELLEIRO DATA: 14-12-05**

**INFORME INTERVENCIÓN: RC. 58934**

**ADXUDICATARIO: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA**

**IMPORTE: 8.800,00 €**

**EXPTE. 1715/335. CONTRATACIÓN DO ESPECTÁCULO TEATRAL "NUNCA JAMÁS" PARA VIGOLANDIA 2005.**

**DECRETO CONCELLEIRO DATA: 14-12-05**

**INFORME INTERVENCIÓN: RC. 58932**

**ADXUDICATARIO: MARTÍN RICARDO ARÉVALO**

**IMPORTE: 10.700,00 €**

**EXPTE. 1716/335. CONTRATACIÓN DE PISCINA CON BARCAS PARA VIGOLANDIA 2005.**

**DECRETO CONCELLEIRO DATA: 14-12-05**

**INFORME INTERVENCIÓN: RC. 58927**

**ADXUDICATARIO: PLUS SPORTS ADVENTURE CONSULTING, S.L.**

**IMPORTE: 3.422,00 €**

**EXPTE. 1720/335. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXIANZA E SEGURIDADE NO BELÉN DA PRAZA DE COMPOSTELA.**

**DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-12-05**

**INFORME INTERVENCIÓN: RC. 59042**

**ADXUDICATARIO: SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.**

**IMPORTE: 11.800,00 €**

**EXPTE. 1722/335. RESERVA DE CRÉDITO PARA ATENDER OS GASTOS VARIOS OU IMPREVISTOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE NADAL 2005.**

**DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-12-05**

**INFORME INTERVENCIÓN: RC. 59041**

**ADXUDICATARIO: VARIOS**

**IMPORTE: 8.000,00 €**

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**10(109).- CORRECCIÓN DE ERRO NOS ACORDOS ADOPTADOS SOBRE REVISIÓN DE TARIFAS DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2006. EXPTE. 71708/210.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 23.01.06, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2005 adoptou o acordo de revisión de tarifas de transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2006 e en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2005 adoptou o acordo de revisión dos prezos dos bonos-buses do transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2006.*

*No acordo de revisión de tarifas de transporte urbano colectivo de viaxeiros de data 26 de decembro, no apartado 1 do Informe Proposta onde di a empresa “VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A. debería dicir “VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.” e en consecuencia no acordo de data 30 de decembro de 2005, de revisión dos prezos dos bono-buses onde se recolle o anterior acordo.*

*En virtude do artigo 105 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, que establece que as Administracións públicas poderán rectificar en calquer momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os errores materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

*Formúlase a seguinte PROPOSTA*

*Que se rectifiquen os acordos adoptados en relación coa revisión de tarifas do transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2006, adoptados pola Xunta de Goberno Local en data 26 e 30 de decembro de 2005, cos números 14 e 6 respectivamente e en donde di VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A, debe dicir VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.*

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

Rectificar os acordos adoptados en relación coa revisión de tarifas do transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2006, adoptados pola Xunta de Goberno Local en data 26 e 30 de decembro de 2005, cos números 14 e 6 respectivamente, e en donde di VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A. debe dicir VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.

**11(110).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DA POLICÍA LOCAL POR SERVICIOS PRESTADOS DE GRAN GALA NO “DÍA DA CONSTITUCIÓN”. EXPTE. 16208/220.**

Examinadas as astuacions do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.01.06 e de acordo co informe-proposta da Xefa da Área de Réxime Interior 13.01.06, conformado polo concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servicios especiais prestados con motivo do “Día da Constitución”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Manuel Barciela Rivera e remata por don Carlos Pérez Vázquez, por unha cantidade total de 655'32 € (SEISCENTOS CINCOENTA E CINCO EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS).”

**12(111).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE VIAS E OBRAS CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO-2005. EXPTE. 16209/220.**

Examinadas as astuacions do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.01.06 e de acuerdo co informe-proposta da Xefa da Área de Réxime Interior 13.01.06, conformado polo Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servicios prestados polo persoal do servicio de Vías e Obras, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don José Berges Rodríguez e remata por don Carlos Iglesias Ferreira, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de DECEMBRO-2005, e que ascenden a un total de 180'90 € (CENTO OITENTA EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS”.

**13(112).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO SERVIZO DESINFECCION DO MES DE DECEMBRO, 2005. EXPTE.16210/220.**

Examinadas as astuacions do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.01.06 e de acuerdo co informe-proposta da Xefa da Área de Réxime Interior 13.01.06, conformado polo Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade aboarase ao persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de DECEMBRO-2005 e que ascenden a un total 687'60 € (SEISCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**14(113).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCION CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2005, POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAIS.EXPTE. 16211/220.**

Examinadas as astuacions do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.01.06 e de acordo co informe-proposta da Xefa da Área de Réxime Interior 13.01.06, conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal de Desinfección , don José Ramón Seijas Alvarez, don Ricardo Gonzalez Arzua, don Jose Manuel Sousa Atrio e don Manuel Antonio Pereiro Alonso, aboáráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 399'04 € (TRECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS), correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS”.

**15(114).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DO ANO 2005. EXPTE. 16212/220.**

Examinadas as astuacions do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.01.06 e de acuerdo co informe-proposta da Xefa da Área de Réxime Interior 13.01.06, conformado polo Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados como palistas no Parque Móbil corresponde aboar a don Antonio Amoedo García que figura na relación adxunta no expediente e que ascende a un total de 50'16 € (CINCOENTA EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS), correspondente o mes de DECEMBRO de 2005 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**16(115).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DO ANO 2005. EXPTE.16213/220.**

Examinadas as astuacions do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.01.06 e de acuerdo co informe-proposta da Xefa da Área de Réxime Interior 13.01.06, conformado polo Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servicios especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servicio Cemiterios, aboaranse aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que

figuran para cada un deles correspondentes ó mes de DECEMBRO-2005, e que ascenden a un total de 598'24 € (CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións”.

**17(116).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE D. JUAN MANUEL GARCÍA GONZÁLEZ DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2005. EXPTE. 16214/220.**

Examinadas as astuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.01.06 e de acordo co informe-proposta da Xefa da Área de Réxime Interior 13.01.06, conformado polo Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo sargento do Servicio de Extinción de Incendios, don J. Manuel García González (nº persoal 10808), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductores, a cantidade que figura na relación adxunta no expediente e que ascende a un total de 180'96 € (CENTO OITENTA EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS), correspondentes ó 4º trimestre de 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNNS”.

**18(117).-COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DO ANO 2005. EXPTE.16215/220**

Examinadas as astuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.01.06 e de acordo co informe-proposta da Xefa da Área de Réxime Interior 13.01.06, conformado polo Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servicios prestados polo persoal do servicio Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de DECEMBRO-2005, e que ascenden a un total de 1.108'85 € (MIL CENTO OITO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNNS.

**19(118).-DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DO ANO 2005. EXPTE. 16217/220.**

Examinadas as astuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.01.06 e de acuerdo co informe-proposta da Xefa da Área de Réxime Interior 13.01.06, conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

*Solicitada a devolución da fianza con data 10-10-2005 e con número de documento 50170158, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 18-11-2005, comprobouse que o pavimento tiña varios afundimentos ns beirarrúa e na calzada. O que notificouse o solicitante, para que subsanase as anomalías.*

*Con data 16 de decembro de 2005 e con número de documento de entrada no Rexistro Xeral – 50198308, presenta escrito de subsanación de anomalías. Xirada nova visita de inspección con data 11-01-2006, comprobouse que o pavimento quedou en perfectas condicións.*

Polo que se PROPON:

*Proceder á devolución da fianza de (30.000 € – trinta mil euros), a favor de HIERROS Y HORMIGONES DEL NOROESTE S.L.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(125).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A ZARA HOME ESPAÑA, S.A., POR PERMISO CIRCULACIÓN PARA ACCEDER CON CAMIÓNS POR OBRA NA R/ PRINCIPE N°24. EXPTE. 47484/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 16.01.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*A Policía Local con data 16 de febreiro de 2005, remite un oficio o servicio de Vías e Obras, con número de expediente 1165/2005 para que se informe do peso máximo autorizado e outros requisitos necesarios para autorizar permiso de circulación para acceder a r/Príncipe, 24 con camiños, para a obra menor con licencia número 49220/421 local comercial. Informado por este servicio con data 02-06-2005, indícase que non existe inconveniente en acceder o permiso solicitado, debendo condicionar o mesmo, ó depósito dunha fianza de (6.000 € - seis mil euros), polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 200500026941 de data 07-06-2005.*

*Solicitada a devolución da fianza con data 21 de decembro de 2005, con número de documento 50200440, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 11 de xaneiro de 2006, comprobouse que o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (6.000 € – seis mil euros), a favor de ZARA HOME ESPAÑA, S.A.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**27(126).- SOLICITUDE DE REINGRESO DE AXENTES DA POLICÍA LOCAL AOS SEUS POSTOS NESTA ADMINISTRACIÓN LOCAL. EXPTE. 16232/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarala urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 27.01.06, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1º.- Que con data 23 de xaneiro de 2006, don Celso Alonso Blanco, dona Elena Fernández Bouzas, don Sebastián Fernández Estévez e don Juan Manuel Pérez Rodríguez, presentaron no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, nº de documentos de entrada 600069221; 60006916; 60006911 e 60006940 respectivamente solicitude de reincorporación nesta Administración Local ós seus anteriores postos de axentes da Policía Local; condición que perderon por resolución da Alcaldía de data 12 de novembro de 2001, dictada en cumprimento da sentencia firme da Audiencia Provincial de Pontevedra de data 19 de abril de 1999, en virtude da que se condenaba ós catro axentes do corpo da Policía Local como responsables un delicto de detención ilegal ás penas de prisión e inhabilitación absoluta polo tempo que na mesma se especificaban.

2º.- Tramitado expediente de indulto o Consello de Ministros en reunión de 25 de novembro de 2005 acordou commuta-las penas privativas de liberdade impostas polas de un ano de prisión e as de inhabilitación absoluta pola de dous anos de suspensión de emprego ou cargo público para os tres primeiros e catro para o cuarto deles, don Juan Manuel Pérez Rodríguez, indultos que foron publicados mediante Real Decreto números 1424/2005; 1427/2005; 1428/2005 e 1434/2005 no Boletín Oficial do Estado de data 16 de decembro de 2005

3º.- Por auto da Audiencia Provincial de Pontevedra Sección 002 de data 19 de xaneiro de 2006 declarada firme segundo certificacións do secretario da Sección de data 26 dos actuais, dictada en execución do acordo do Consello de Ministros commutando as penas impostas, dispõe que se ten por cumplida a pena de dous anos (para os tres primeiros) e catro para o cuarto deles (don Juan Manuel Pérez Rodríguez) de suspensión de emprego ou cargo público.

4º.- Con data 26 de xaneiro dos actuais a técnica de Recursos Humanos informa que na relación de postos de traballo deste Concello, figuran vacantes no servicio 212 de Policía Local.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De conformidade co disposto no artº 43 do vixente Código Penal aprobado por Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro que establece “a suspensión de emprego ou cargo público priva do seu exercicio ó penado durante o tempo da condena”. En similares termos recóllese no Texto Refundido di disposición legais vixente en materia de réxime local no seu artº 138 apartado 5.

Segundo.- O artº 22 do Real Decreto 365/95, polo que se aproba o Regulamento de situacions administrativas dos funcionarios, así como o artº 8 do Regulamento de situacions administrativas dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que o funcionario que perdera o seu posto de traballo como consecuencia de condena ou sanción, deberá solicitar o reingreso ó servicio activo no prazo de un mes, que no presente caso dito prazo computarase desde que o tribunal sentenciador dicta o correspondente auto da execución da medida de gracia outorgada, de conformidade co disposto na lei pola que se establecen as regras para o exercicio da gracia de indulto.

Terceiro.- En canto a competencia para adopción do acordo, corresponde a Xunta de Goberno Local de conformidade coas atribucións previstas no artº 127-h) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Polo exposto, propónese a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Acordo:

Primeiro.- Acceder as peticións de don Celso Alonso Blanco, dona Elena Fernández Bouzas, don Sebastián Fernández Estévez e don Juan Manuel Pérez Rodríguez de data 23 de xaneiro de 2006, en cumprimento do autos da Audiencia Provincial de Pontevedra Sección 002 de data 19 dos actuais, dictados en execución do indulto concedido por acordo do Consello de Ministros de data 25 de novembro de 2005, no que se dispón ter por cumplidas as penas de suspensión para emprego ou cargo público ó serlle computada a pena de inhabilitación polo de suspensión; declarando en consecuencia, a incorporación dos mesmos ó servicio activo nesta Administración Local como axentes da Policía Local, incorporación que deberán efectuar no prazo de tres días contados desde o seguinte ó da notificación do presente acordo.

Segundo.- O presente acordo notificarase ós interesados, Sr. Xefe da Policía Local, Comité de Persoal, os servicios de Intervención Xeral, Tesourería e Persoal. Así mesmo en cumprimento do artº 20 da Lei 3/1992, de 23 de marzo de coordinación das Polícias Locais de Galicia, haberá de darse traslado ó Rexistro de Polícias Locais de Galicia.

Terceiro.- Dar trasladado ós interesados do presente acordo, informándolle que pon fin a vía administrativa e contra o que poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante ó órgano que o adoptou no prazo dun mes, ou recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados dende o día seguinte da recepción da notificación do presente acordo. O recurso de reposición entenderase desestimado se transcorre un mes sen ser resolto”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **28(127).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE COLABORADORA DA SEGURIDADE SOCIAL PARA A COBERTURA DAS CONTINXENCIAS PROFESIONAIS POR ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16140/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarala urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

#### Antecedentes

A Xunta de Goberno local con data 14.12.05 aprobou o expediente de contratación para a selección dunha entidade colaboradora da Seguridade Social para a cobertura das contingencias profesionais por accidente de traballo e enfermidades profesionais do persoal do Concello de Vigo.

Durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo publicado no DOG nº 250 (30.12.05) e no BOP nº 250 (30.12.05), presentaronse as seguintes propostas: 1) Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo, 2) Fremap, Mútua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades profesionales de la S.S. nº 61, 3) Mutua Maz, 4) Mutua Universal e 5) Mutual Ciclops.

A Mesa de Contratación en sesións realizadas o 23.01.06 e 24.01.06 procedeu á apertura da documentación, acordando pasalas a informe dos técnicos de Réxime Interior e Persoal do Concello de

Vigo, que foi emitido o 27.01.06, propoñendo como entidade seleccionada a FREMAP, Mutua de Accidentes de Tabajo y Enfermedades Profesionales nº 61.

A Mesa de Contratación realizada o 30.01.06, visto o devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Seleccionar a FREMAP mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades Profesionales nº 61 como entidade colaboradora da Seguridade Social para a cobertura das continxencias profesionais por accidentes de traballo e enfoermidades profesionais do persoal do Concello de Vigo, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta Local de Goberno de 14.12.05 e a oferta presentada.

#### **29(128).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO ENTROIDO 2006. EXPTE. 1829/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarala urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Festas e Animación Sociocultural, do 26.01.06, conformado polo concelleiro de dito servizo, co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral e co intervindo e conforme do Interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación Veciñal “Eduardo Chao”, a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, para a organización da programación do “Entroido 2006, que terá lugar na nosa cidade entre os días 24 de febreiro e 1 de marzo de 2006.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 92.945.-euros, en concepto do estipulado no referido convenio, con cargo á partida 451.2.226.08.03 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, e que se aboará de forma equitativa ás tres entidades citadas.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

#### *PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO ENTROIDO 2006.*

*Vigo, o febreiro de douce mil seis,*

## REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro da Área de Asuntos Sociais e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:

D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47, 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.

D. ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ, presidente da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS "EDUARDO CHAO", CIF G-36.681.708, con enderezo na Praza da Princesa, 7, 2º, 36202 VIGO, e número de inscrición 82/89 no rexistro municipal de asociacións.

D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.

En adiante, "Comisión organizadora".

## M A N I F E S T A N

1. Que o Entroido é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se considera recuperado dende hai más de vinte anos, e no que participa masivamente toda a ciudadanía.

2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festivididade, mediante a programación de actividades socioculturais diversas, de concursos de comparsas de adultos e escolares; concurso de carteis; actuacións musicais e verbenas; animación infantil; enterro do meco; recuperación do Rei Momo...

3. Que no Entroido participan activamente e de forma intensiva diversas entidades con carácter cultural, social e veciñal, aspecto que ben recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réximen local.

4. Que dende o ano 96 estanse a asinar convenios de colaboración entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do Entroido na cidade de Vigo.

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

## CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a organización do programa sociocultural do ENTROIDO 2006 que se oferta á cidade de Vigo, segundo o proxecto de actividades que figura no anexo I.

**SEGUNDA.-** A programación do ENTROIDO 2006 levarase a cabo na cidade de Vigo entre os días 25 de febreiro e o 1 de marzo de 2006, ambos inclusive, no centro da cidade e nos lugares concretos que se indican no proxecto de programa.

**TERCEIRA.-** O orzamento xeral do convenio para o ENTROIDO 2006, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a un total de 91.945.-euros, que se financiarán con cargo á partida 451.2.226.08.03 do programa orzamentario da Concellería de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico. A desagregación deste orzamento figura no anexo II deste convenio, según o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

**CUARTA.-** As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

1. Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto que figura no anexo I, e que foi confeccionado conxuntamente pola comisión organizadora e a Concellería de Festas. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:

\* Pola Federación de AVV "Eduardo Chao":

- ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ.
- XOSÉ COUÑAGO

\* Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:

- JOSE LOURIDO PENEDO.
- JUAN JOSÉ NOGUEIRA SÁNCHEZ.

\* Pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo":

- JUAN CARLOS PADÍN NIETO.
- RAÚL VILA CARIDE.

Así mesmo, forma parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacóns, a técnica responsable do servicio de Festas e Animación Sociocultural.

2. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.
3. Proporcionar toda a infraestructura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.
4. Contratar tódolos elementos necesarios para o programa, por exemplo:
  - actuacións musicais e doutra índole.
  - infraestructura: valados de seguridade, escenarios, portófonos e outra necesaria.
  - alumeados ornamentais.
  - todo o correspondente ó enterro do meco e desfile de comparsas.
  - programación infantil.
  - servicios de primeiros auxilios.
  - Pregón.
  - Decoración do palco
  - calquera outro necesario para o bo desenvolvemento do programa.

*Neste sentido, a comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, sobre todo no referente ás orquestras, material gráfico, animación infantil e material decorativo (meco, enterro da sardiña...).*

5. *Todo o relacionado cos concursos de comparsas, así como o seu percorrido, virá determinado polas bases correspondentes que aprobe a Comisión de Goberno.*
6. *Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas e Animación Sociocultural, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse carteis e programas.*
7. *Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión organizadora, dentro do período de vixencia do presente convenio.*
8. *Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necessariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).*
9. *Asumir tódolos seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.*
10. *Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumplir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.*
11. *Presentar na Concellería de Festas e Animación Sociocultural a memoria do programa ENTROIDO 2006 dentro dos dez días hábiles seguintes a súa finalización, onde figurarán, como mínimo os seguintes datos: participación, memoria de prensa, un rexistro fotográfico, parte xeral de incidencias e balance económico.*
12. *Asumir a edición do material gráfico da programación do Entroido 2006 e da súa distribución (1.500.- carteis e 20.000.- programas de man), para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural. Neste sentido, esta concellería facilitará á comisión organizadora o cartel que resulte gañador do “XX Concurso de carteis do entroido”, antes do día 31 de xaneiro. Todo o material editado deberá contar cos depósitos legais correspondentes.*
13. *Deberán obter tódolos permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades e espectáculos incluídos no programa do Entroido 2006.*
14. *Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.*
15. *Asumir tódolos gastos que se poidan derivar da execución do convenio.*
16. *Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto co todo o persoal despregado, así como cos membros de Policia Local, Protección Civil e servicios de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural. Para facer posible este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez portófonos ó seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.*

**QUINTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:**

1. *O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade de 92.945.-euros, para financiar a realización do programa do ENTROIDO 2006, segundo o presuposto que figura no anexo II.*

2. A Concellería de Festas e Animación Sociocultural xestionará a presencia dos servicios de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros nas actividades do programa que o precisen.
3. Determinará o xurado do concurso de comparsas e facilitará na medida do posible a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2006.

**SEXTA.-** A participación en tódalas actividades previstas no programa do Entroido 2006 serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose únicamente ó aforo dos recintos e espacios onde se leven a cabo.

**SÉTIMA.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establecése con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presencia do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural nas propias actividades que se determinen.

**OITAVA.-** A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas íntegramente pola comisión organizadora. O material editado deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integralmente en idioma galego.

O logotipo e anagrama do Concello de Vigo, Concellaría de Festas e Animación Sociocultural figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Festas e Animación Sociocultural.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ó público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumplir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización lingüística.

**NOVENA.-** O Concello de Vigo aboará o importe estipulado na cláusula terceira según o seguinte:

1.- Unha primeira achega a conta de 46.472,5 .-euros, o día 23 de febreiro, mediante transferencias bancarias e de forma equitativa ás tres entidades asinantes.

2.- Unha segunda entrega-liquidación por importe de 46.472,5 .-euros, previa certificación do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural á correspondente memoria-avaliación do Entroido 2006 e a documentación xustificativa de gastos e ingresos, mediante transferencias bancarias e de forma equitativa ás tres entidades asinantes. Para poder realizar esta liquidación o perceptor deberá presentar solicitude de pagamento.

**DÉCIMA.-** En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ó orzamento que figura no anexo II e cos prorratoeos ós que houbese lugar.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-** O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2006, e non será prorrogable.

**DÉCIMO SEGUNDA.-** O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvimento.

*E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,*

**ANEXO I**  
**Programa obxecto do convenio do "ENTROIDO 2006"**  
**Vigo, do 24 de febreiro ata o 1 de marzo de 2006"**

**ACTIVIDADES PREVIAS**

**ACTIVIDADE:** Concurso de coplas. Actuacións da mitade dos grupos participantes no concurso de coplas.

**DÍA:** Xoves 23 de febreiro.

**LUGAR:** Praza da Constitución.

**HORA:** De 19:00 horas a 22:00 horas.

**ACTIVIDADES DO ENTROIDO**

**DÍA: Venres 24 de Febreiro.**

**ACTIVIDADE:** Pregón, actuación dos grupos restantes do Concurso de Coplas e Entronización do Meco.

**LUGAR:** Praza da Constitución.

**HORA:** De 19:00 horas a 22:00 horas.

**DÍA: Sábado 25 de Febreiro.**

**ACTIVIDADE:** Desfile do concurso de Comparsas polas seguintes rúas: García Barbón, Policarpo Sanz, e Porta do Sol. (O palco para o xurado instalarase ao lado do “Oh Vigo”, inda que estase a estudar a posibilidade de que o xurado siga o desfile dende algúun balcón)

**HORA:** 18:30 horas.

**ACTIVIDADE:** Verbena.

**LUGAR:** Porta do Sol ( Palcos en Sireno e Auditorio García Barbón).

**HORA:** De 22:30 horas a 02:30 horas.

**DÍA: Domingo 26 de Febreiro.**

**ACTIVIDADE:** Entroido cos nenos (inchables, obradoiros e actuacións).

**LUGAR:** Praza do Rei, Lonxa e Auditorio do Concello.

**HORA:** De 16:00 a 20:00 horas.

**DÍA: Luns 27 de Febreiro.**

**ACTIVIDADE:** Entroido cos nenos (inchables, obradoiros e actuacións).

**LUGAR:** Praza do Rei, Lonxa e Auditorio do Concello.

**HORA:** De 16:00 a 20:00 horas.

**ACTIVIDADE:** Festival Folk do Entroido.

**LUGAR:** Praza da Constitución.

**HORA:** De 19:30 a 22:00 horas.

DÍA: Martes 28 de Febreiro.

ACTIVIDADE: Entroido cos nenos (inchables, obradoiros e actuacións).

LUGAR: Praza do Rei, Lonxa e Auditorio do Concello.

HORA: De 16:00 a 20:00 horas.

ACTIVIDADE: Verbena.

LUGAR: Porta do Sol.

HORA: De 22:30 a 01:30 horas.

ACTIVIDADE: Xuizo, sentencia e queima do Meco

LUGAR: Praza do Rei.

HORA: 23:45 horas.

DÍA: Mércores 1 de Febreiro.

ACTIVIDADE: Velorio do cadaleito.

LUGAR: Praza da Constitución.

HORA: 18:30 horas.

ACTIVIDADE: Enterro do Meco. Desfile de Comparsas acompañando ao cadaleito polas seguintes rúas: García Barbón, Policarpo Sanz, e Porta do Sol. (O palco para o xurado instalarase ao lado do “Oh Vigo”, inda que estase a estudar a posibilidade de que o xurado siga o desfile dende algúun balcón).

HORA: 19:30.

ACTIVIDADE: Responso, sepelio e lectura do testamento.

LUGAR: Praza da Constitución.

HORA: 21:00 horas.

ACTIVIDADE: Lectura da acta do xurado e remate das festas do Entroido.

LUGAR: Praza da Constitución.

HORA: 21:15 horas.

Anexo II  
ORZAMENTO “ENTROIDO 2006”

CONCEPTO	IMPORTE
ORQUESTAS	12000
ILUMINACIÓN	12000
SON	5000
PALCOS E CARPAS	2500
S.G.A.E	900
SERVICIO DE ORDE	22000
GRUPO DE TRABALLO	4000
REPORTAXE FOTOGRÁFICA	500
IMPRENTA	3000
MECO	6000
CRUZ VERMELLA	700
TRANSPORTES	1000

<b>VARIOS (ENTRONIZACIÓN, AGASALLOS...)</b>	<b>4000</b>
<b>ENTROIDO DOS NENOS</b>	<b>9000</b>
<b>COPLAS</b>	<b>2900</b>
<b>CONCERTO FOLK</b>	<b>1500</b>
<b>DECORACIÓN PALCO</b>	<b>2500</b>
<b>VALADOS DE SEGURIDADE</b>	<b>3045</b>
<b>PREGÓN</b>	<b>400</b>
<b><u>TOTAL</u></b>	<b>92945</b>

**30(129).- BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2006. EXPTE. 1830/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visoto informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 25.01.06, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral e o intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases, que de seguido se trancriben, correspondentes ó concurso de comparsas do Entroido 2006, que se levará a cabo entre os días 24 de febreiro e 1 de marzo polas rúas da nosa cidade.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 18.750.-euros, en concepto dos premios estipulados nas citadas bases, con cargo á partida 451.2.481.00.00 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio vixente exercicio.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACION SOCIOCULTURAL 2080 0000 770040277241.

**CONCURSO COMPARSAS DO ENTROIDO 2006  
BASES**

**PRIMEIRA.-** A Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo convoca o tradicional concurso de comparsas que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido 2006. Neste concurso poderán inscribirse todas aquellas comparsas integradas por un mínimo de 20 persoas.

**SEGUNDA.-** As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en impreso normalizado para este fin, dende a aprobación destas bases na Xunta de Goberno Local ata as 13'30 horas do día 15 de febreiro. Todas aquellas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu retraso. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa do Concello e na web municipal.

**TERCEIRA.-** Os premios establecidos para o concurso de comparsas serán:

**1º PREMIO:** 2.400.-euros

*2º PREMIO: 1.800.-euros*

*3º PREMIO: 1.200.-euros*

*PREMIO ESPECIAL: 600.- euros, á comparsa máis festeira, non acumulable ós premios citados anteriormente.*

*20 ACCÉSIT de 600.- euros, cada un deles, non acumulables ós tres primeiros premios.*

*PREMIO DO DESFILE DO "ENTERRO DO MECO": 750.- euros. Outorgárselle á comparsa mellor caracterizada no desfile do día 1 de marzo de 2006. Para poder optar a este premio, os/as integrantes da comparsa deberán vestir de loito rigoroso, entendendo por tal a utilización de prendas de cor negra ou morada na súa totalidade. En todo caso, será o xurado do concurso o único con capacidade para valorar este aspecto.*

*Os premios serán indivisibles e poderán quedar desertos algúns deles, sobre todo no caso dos accéssit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.*

*Os aboamentos dos premios serán tramitados pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.*

*CUARTA.- O número da orde das comparsas inscritas no desfile asignarase mediante sorteо público, que se realizará o luns, día 20 de febreiro ás 12'00 horas na Casa do Concello, sita na praza do Rei s/n. Co obxecto de facilitar a organización deste concurso, resulta conveniente que algún representante de cada comparsa inscrita acuda a este sorteо.*

*QUINTA.- A concentración das comparsas inscritas farase na rúa García Barbón (entre a rúa Serafin Avendaño e o nudo de Isaac Peral) o sábado día 25 de febreiro ás 17'00 horas, para comenzar o desfile ás 18'00 horas, e que se realizará polas seguintes rúas: García Barbón (dende a rúa Serafin Avendarño, Policarpo Sanz e Porta do Sol (remate).*

*As comparsas que se presenten unha vez pasada a hora de concentración (17'00 h) desfilarán en último lugar, se así o estima o persoal de organización.*

*SEXTA.- As carrozas participantes no desfile de comparsas non poderán exceder das seguintes dimensións:*

*Longo: 7'00 m ; Largo: 3'50 m ; alto: 4'00 m*

*En caso de que algunha das carrozas participantes incumpra algunha destas medidas quedarán excluídas directamente do desfile.*

*Así mesmo, o persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluir do desfile ou cambiar o seu posto da orde a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso ( animais de todo tipo, petardos, bengalas...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.*

*SÉTIMA .- A cualificación das comparsas concursantes será determinada polo xurado durante o desfile do día 25 de febreiro. O xurado do concurso estará composto por:*

*PRESIDENTE: Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, ou persoa en quen delegue.*

*VOCAIS: 3 persoas vincelladas ó humorismo, medios de comunicación, artes escénicas, deseño, cultura...*

*1 membro da comisión organizadora do Entroido 2006.*

**SECRETARIO/A:** *Un técnico ou técnica do Concello de Vigo, con voz e sen voto.*

*O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, pero deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, vestuario, orixinalidade, presencia de elementos complementarios como carrozas, harmonía, simpatía, etc.*

*Queda totalmente prohibido que as comparsas se deteñan durante o desfile ó seu paso por diante do palco do xurado, así como que algún dos seus membros se dirixa a este. Nos dous casos, a comparsa quedará eliminada do concurso se así o estima o xurado.*

**OITAVA.-** *As comparsas inscritas deberán participar na comitiva do "Enterro do Meco" o día 1 de marzo coa mesma orde de desfile. O horario de concentración neste caso será ás 18'30 horas, para comenzar o desfile ás 19'30 horas. O lugar de concentración e o percorrido do desfile do "Enterro do Meco" serán os mesmos cós do día 25.*

**NOVENA.-** *As comparsas inscritas no concurso deberán participar no desfile do día 1 de marzo co mesmo número de participantes có día 25 de febreiro, e con algún distintivo de loito. O incumprimento dalgunha destas dúas condicións motivará a perda de calquera dos premios obtidos no primeiro desfile.*

**DÉCIMA.-** *A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ó remate do desfile "Enterro do Meco", na Praza da Constitución.*

**DÉCIMO PRIMEIRA.-** *O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.*

**DÉCIMO SEGUNDA.-** *A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.*

**CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2006  
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN**

NOME E APELIDOS .....

NIF ..... ENDEREZO .....

NÚM ..... PISO ..... LETRA ..... CP .....

LOCALIDADE ..... Tlf ..... Fax .....

**EN REPRESENTACIÓN DE:**

Si mesmo.

Núm conta bancaria ..... Banco ..... Oficina .....

*(Imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do NIF e certificación bancaria).*

da entidade denominada .....  
..... CIF .....

ENDEREZO..... Núm..... PISO..... LETRA.....

CP ..... LOCALIDADE ..... Tlf ..... Fax .....

Núm conta bancaria ..... Banco ..... Oficina .....  
*(Imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do CIF e certificación bancaria).*

SOLICITA a inscrición da comparsa denominada

- Núm de compoñentes da comparsa (mínimo de 20) .....

- ¿Presenta carroza? ..... En caso afirmativo, resulta imprescindible cubrir os seguintes datos:

ALTO ..... LARGO ..... LONGO .....

*(Ver nas bases do concurso as medidas máximas permitidas)*

- ¿Presenta algún outro tipo de elemento (animais, automóbiles...)? SI   EN  
En caso afirmativo, indicar cales e o seu número: .....

Vigo, ..... de febreiro de 2006.

SINATURA

ILMA. SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

\* *O número de orde de participación das comparsas inscritas nos desfiles decidirase mediante sorteo público o día 20 de febreiro ás 12'00 horas, na Casa do Concello (Praza do Rei, s/n).*

### **31(130).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás trece horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SAECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez